



DECRETO

Nº Expediente: 2024/CONTRAT/000071

ASUNTO: APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE SUBMINISTRACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO SUMARIO, DENOMINADO “SUBMINISTRACIÓN DE ÁRIDOS, BITUMINOSOS E CEMENTOS”

Vista a Providencia da Concelleira Delegada de Economía, Facenda e Contratación que figura no expediente, na que se ordena que se incoe o procedemento para a contratación da execución da subministración de “SUBMINISTRACIÓN DE ÁRIDOS, BITUMINOSOS E CEMENTOS”, figurando as características da mesma na documentación recibida polo Departamento de Contratación do Concello de Oleiros enviada polo Departamento de Servizos, na que figuran a proposta de gasto, a Memoria explicativa de data 19 de xuño de 2024 e os Pregos de Prescricións Técnicas, asinados o 17 de xuño de 2024.

Visto que o orzamento da presente licitación é de 59.965,47 €, ao que se lle suma un 21% de IVE (12.592,75 €), o que supón un importe de 72.558,22 € IVE engadido. O prazo de execución do referido contrato é de un (1) ano, sen posibilidade de prórroga, tal e como se establece nos pregos de cláusulas técnicas do contrato. O valor estimado ascende a 59.965,47 €.

Visto que con data 21 de xuño de 2024, se emite informe xurídico pola Secretaría Municipal, no que se indica, entre outras disposicións relativas ao procedemento administrativo, que se ha de tramitar a contratación mediante un procedemento aberto simplificado sumario consonte ao artigo 159.6 LCSP, e visto tamén que o expediente se acompaña dos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e Técnicas, redactados conforme ao establecido na lexislación para a tramitación dun procedemento aberto simplificado sumario.

Visto que, no relativo á financiación, se emitiu informe pola intervención municipal con data 26 de xuño de 2024, no que manifesta a existencia de consignación orzamentaria e se fiscaliza de conformidade o expediente, realizando as seguintes Retencións de Crédito (RC):

ANUALIDADE	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	DOCUMENTO RC	IMPORTE
2024	61.1531.21000	202400022952	34.328,62 €
2025	61.1531.21000	202400022953	38.229,60 €
TOTAL			59.965,47 €

Tal e como establece o artigo 174.1 do RDL 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais e o R.D 500/90 que a desenvolve, a autorización e o





CONCELLO DE
OLEIROS

> **SECRETARÍA XERAL**
Contratación e Patrimonio

compromiso deste gasto subordinarase ao crédito que para o exercicio 2025 se consigne no respectivo orzamento.

En consecuencia, e de conformidade co establecido nos artigos 116 e 117 da LCSP, e considerando as atribucións conferidas a esta Alcaldía segundo o establecido na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente para a contratación da subministración de “SUBMINISTRACIÓN DE ÁRIDOS, BITUMINOSOS E CEMENTOS”, polo importe de 59.965,47 €, ao que se lle suma un 21% de IVE (12.592,75 €), o que supón un importe de 72.558,22 € IVE engadido. O prazo de execución do referido contrato é de un (1) anos, sen posibilidade de prórroga, tal e como se establece nos pregos de cláusulas técnicas do contrato. O valor estimado ascende a 59.965,47 €.

SEGUNDO.- Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas que figuran no expediente e que rexerán o contrato.

TERCEIRO.- Autorizar o gasto correspondente que comporta o presente contrato, unha vez que xa foi retido o crédito segundo se desprende das operación “RC” que se sinalan a continuación:

ANUALIDADE	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	DOCUMENTO RC	IMPORTE
2024	61.1531.21000	202400022952	34.328,62 €
2025	61.1531.21000	202400022953	38.229,60 €
TOTAL			59.965,47 €

Tal e como establece o artigo 174.1 do RDL 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais e o R.D 500/90 que a desenvolve, a autorización e o compromiso deste gasto subordinarase ao crédito que para o exercicio 2025 se consigne no respectivo orzamento.

CUARTO.- Abrir a fase de licitación do contrato mediante a publicación do anuncio de licitación no perfil do contratante do Concello de Oleiros, para que se poidan presentar as ofertas que se estimen oportunas no prazo de 5 días hábiles, a partir do día seguinte á publicación do anuncio de licitación.





CONCELLO DE
OLEIROS

> SECRETARÍA XERAL
Contratación e Patrimonio

QUINTO.-Dar traslado aos departamentos municipais correspondentes e aos interesados, debido aos efectos implícitos ao acto administrativo, así como ao servizo responsable do expediente aos efectos oportunos.

SEXTO.- Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, pode interpoñer os seguintes recursos:

1. Con carácter potestativo recurso de reposición, no prazo dun mes, a partires do día seguinte ao que reciba a presente notificación, ante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, todo elo conforme ao establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.
2. Recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses a partires do día seguinte ó da notificación do acto de resolución do recurso de reposición, se fose expreso, se fose presunto, o prazo será de seis meses a partires do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto. O recurso contencioso-administrativo pódese interpoñer ante o Xulgado do Contencioso-administrativo da cidade da Coruña, de acordo co artigo 8.1 da Lei 29/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

O anterior enténdese sen prexuízo da facultade de interposición do recurso extraordinario de revisión cando concorran algunhas das circunstancias previstas no artigo 125 da Lei 39/2015, de 1 de outubro (LPACAP), de formulación da solicitude do artigo 106.1 LPACAP ou de interposición de calquera outro recurso que se estime procedente.

En Oleiros, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde, e o Secretario/a accidental, que da fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).

